



FACULTADE DE FILOLOXÍA
Departamento de Filoloxía Galega

Lingua Galega 2

Carme García Rodríguez
Ma Sol López Martínez
Xosé Xove Ferreiro

**GUÍA DOCENTE E MATERIAL
DIDÁCTICO**

2011/2012

1. Datos descriptivos da materia

- Nome: **Lingua Galega 2**
 - Código: **I(G5051112)**
 - Tipo: **Materia Ordinaria RD 1393/2007**
- Departamento: Filoloxía Galega
 - Área: Filoloxías Galega e Portuguesa
 - Centro: Facultade de Filoloxía
- Carga docente: 6 créditos ECTS.
- Horas ECTS:
 - Clase expositiva: 24:00 horas.
 - Clase interactiva: 24:00 .
 - Tutorías: 3:00
 - Total: 51:00
- Curso no que se imparte: 1º curso de Titulacións de Grao/Máster
- Duración: 2º semestre

1.1. Lingua na que será impartida

A lingua utilizada nas aulas é galego.

1.2. Requisitos

Aínda que non existen requisitos esenciais para a realización desta materia, é necesario que os alumnos teñan un coñecemento aceptable do galego estándar.

Profesoras

Carme García Rodríguez

- Localización:
 - Facultade de Filoloxía
 - Despacho: 108
 - Teléfono: 881811788
 - Enderezo electrónico: carme.garcia@usc.es

- Horario de titorías:
 - Presenciais: mércores de 9 a 12; xoves e venres de 9 a 10:30.
 - Virtuais: sen horario predeterminado

Ma Sol López Martínez

- Localización:
 - Facultade de Filoloxía
 - Despacho: 209
 - Teléfono: 881811823
 - Enderezo electrónico: msol.lopez@usc.es
- Horario de titorías: martes e mércores, de 12:00 a 15:00

Xosé Xove Ferreiro

- Localización:
 - Facultade de Filoloxía
 - Despacho: 107
 - Teléfono: 881811789
 - Enderezo electrónico: xose.xove@usc.es
- Horario de titorías: luns e martes, de 9:00 a 12:00

2. Sentido da materia no perfil da titulación

2.1. Bloque formativo no que se encadra a materia


Esta materia forma parte do Maior do Grao en Lingua e Literatura Galegas e do seu módulo de formación básica, que ten como obxectivo, amais de homoxeneizar o nivel inicial de lingua, proporcionar os coñecementos, competencias, destrezas e ferramentas metodolóxicas que lle garantan ao alumnado un ampla formación para abordar o estudo da lingua galega.

2.2. Papel da materia no plan de estudos

Dispénsase no segundo cuadrimestre do primeiro curso, despois de cursar a materia de *Lingua galega I*, onde os estudantes tiveron ocasión de coñecer, entre outras cousas, os distintos niveis de análise gramatical e as correspondentes disciplinas

lingüísticas. Agora, adquiridos os conceptos básicos relativos ás disciplinas gramaticais (fonética, fonoloxía, morfoloxía, sintaxe e semántica), encaranán as diferentes dimensións da variación lingüística (histórica, xeográfica, social e diamesica). Desta maneira, analizarán aspectos que porán en relación contidos doutras materias. Constitúe unha introdución para a *Historia da lingua galega*, materia do módulo de Introducción ó estudo da lingua e literatura galegas, que se dispensa en 2º curso, e tamén para as do módulo de Lingüística Galega como *Dialectoloxía galega* (2º curso) e *Sociolingüística galega* (3º curso). Aínda que a análise da variación atinxe a tódolos planos da lingua e, por tanto, contemplaranse aspectos fonéticos, sintácticos e morfolóxicos que se analizarán en profundidade nas materias específicas, de forma máis concreta esta materia está en relación máis estreita coas materias de *Lingua galega oral, escrita e estándar* (3º curso), do módulo de Variación, cambio lingüístico e metodoloxía e mais con *Léxico e terminoloxía do galego*, do módulo de Gramática galega (4º curso), no que toca á estandarización.

No seguinte diagrama percíbense de forma inmediata estas interrelacións.



2.3. Interese deste curso para a túa formación

A realización da materia Lingua galega 2, ademais do seu interese formativo, axudará a comprender mellor a situación social e lingüística da Galicia, ao tempo que permitirá

reforzar e fixar algunhas ferramentas filolóxicas (comentarios de texto, lecturas críticas, traballo de campo...) que serán de utilidade ao longo da carreira.

3. Obxectivos

- Conseguir un coñecemento abondo da variación lingüística, no que respecta á lingua galega, en toda a súa extensión: a histórica, a xeográfica, a social e a situacional.
- Proporcionar os coñecementos básicos sobre a historia da lingua e examinala nos textos.
- Proporcionar os coñecementos básicos sobre a situación actual da lingua, tanto no que toca á súa diversidade xeográfica coma á súa situación social.
- Facelo reflexionar sobre os aspectos sociais e políticos da construción dos estándares lingüísticos e comprender o proceso de estandarización da lingua galega.
- Capacitar o alumno para poder acceder, cos coñecementos correspondentes a esta materia, á titulación de Filoloxía Galega.

4. Competencias

As competencias específicas da materia son:

- Recoñecer, polos seus trazos lingüísticos, as distintas áreas dialectais do galego.
- Distinguir os textos galegos a través do tempo, polas súas características específicas.
- Identificar as características que distinguen a lingua oral fronte a escrita, e os distintos rexistros lingüísticos.
- Ter consciencia da realidade sociolingüística de Galicia.
- Fomentar unha actitude crítica fronte ás cuestións sociolingüísticas.

Como competencias xerais podemos indicar algunhas de tipo instrumental (pois terán que utilizar ordenadores, exercitar a súa comunicación verbal e a escrita na redacción e exposición dos seus exercicios), sistémicas (pois demostrarán a súa creatividade e os seus estándares de calidade na realización dos seus traballos individuais) e interpersoais (pois terán que actuar cos seus compañeiros na exposición pública dos traballos).

5. Contidos da materia

5.1. Descritor

Concepto e tipos de variación lingüística. A variación lingüística na lingua galega: variacións históricas, xeográficas e sociais. Introducción á historia da lingua galega. Introducción á gramática histórica galega. Introducción á dialectoloxía da lingua galega. Introducción á sociolingüística galega. Variación é estándar. Dominio instrumental avanzado da lingua galega.

5.2. Contidos

1. Concepto e tipos de variación lingüística. A variación lingüística na lingua galega: variacións históricas, xeográficas e sociais.
2. Introducción á historia da lingua e á gramática histórica galega.
3. Introducción á dialectoloxía da lingua galega.
4. Variación e estándar.
5. Introducción á sociolingüística da lingua galega.

5.3. Bibliografía xeral e complementaria

- Costas, Xosé Henrique (coord.) (2010): *55 mentiras sobre a lingua galega: análise dos prexuízos máis comúns que difunden os inimigos do idioma*. Bertamiráns, Ames: Laiovento.
- Dubert García, Francisco (2002): “Os sociolectos galegos”, *Cadernos de lingua* 24, 5-28. <http://web.usc.es/~fgdubert/artigos/sociolectos.pdf>.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Fernández Rei, Francisco / Carme Hermida Gulías (ed.) (2003²): *A nosa fala: bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Fernández Rodríguez, Mauro A. / Modesto A. Rodríguez Neira (coords.) (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega, Seminario de Sociolingüística.
- Fernández Rodríguez, Mauro A. / Modesto A. Rodríguez Neira (coords.) (1995): *Usos lingüísticos en Galicia: compendio do II volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Fernández Rodríguez, Mauro A. / Modesto A. Rodríguez Neira (coords.) (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia: compendio do III volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia*. A Coruña : Real Academia Galega, Seminario de Sociolingüística.
- Fernández Salgado, Benigno (dir.) (2004): *Dicionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

- Freitas Juvino, M^a Pilar (2008): *Represión lingüística en Galiza no século XX. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galiza*. Vigo: Xerais.
- González González, Manuel (dir.) (2007): *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Halliday, M.A.K. (1989²): *Spoken and written language*. Oxford: University.
- Lorenzo, Anxo (2008): “A situación sociolingüística do galego: unha lectura”, *Grial* 179, 19-31.
- Mariño Paz, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela . Sotelo Blanco.
- Monteagudo, Henrique (1998): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Monteagudo. H. (ed.) (1995): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia
- Moreno Cabrera, J. C. (2000): *La dignidad e igualdade de las lenguas. Crítica de la discriminación lingüística*. Madrid: Alianza Editorial.
- Tusón, J. (2004): *Patrimonio natural: elogi i defensa de la diversitat lingüística*. Barcelona: Ed. Empuries. Trad. Ao castelán (2009): *Patrimonio natural: elogio y defensa de la diversidad lingüística*. Barcelona: Ariel.

5.4. Desenvolvemento dos temas

1. Concepto e tipos de variación lingüística. A variación lingüística na lingua galega: variacións históricas, xeográficas e sociais

1.1. Definición de lingua: plano científico / plano histórico. A lingua histórica: unidade e diversidade. A lingua como diasistema / polisistema. Lingua, dialecto e variedade. Arquitectura do (poli)sistema lingüístico.

1.2. Variación lingüística: variables, variantes e variedades (lectos). A variación sociolingüística.

1.3. Parámetros da variación: identidade social (usuario) e acto lingüístico (uso).

1.4. Dimensións de variación. Variación intersistémica e variación intrasistémica. Diacronía, xeografía, estratificación social, especialización, estilo de comunicación. Lingua oral / lingua escrita.

a. A variación intersistémica. Interferencias e interlectos.

b. Diacronía: innovación e cambio lingüístico. Arcaísmo, neoloxismo. Os cronolectos, estadios históricos da lingua.

c. Xeografía: centro e periferia, urbano e rural. Os dialectos: trazos innovadores e trazos conservadores, cambio lingüístico e distribución xeolectal.

d. Estratificación social: niveis de lingua e sociolectos.

e. Especialización socio-funcional: lectos especializados, xergas e tecnolectos.

f. Estilo de comunicación: rexistros, formalidade / informalidade.

g. Lingua oral / lingua escrita: caracterización. Densidade léxica / intrincidade sintáctica.

h. Variedade estándar e variedade común.

ACTIVIDADES

1.1. Exercicios de estilo

Queneau, Raymond (1995): *Exercicios de estilo*. Vigo: Xerais de Galicia. Trad. gal. de Henrique Harguindey Banet e Xosé Manuel Pazos Varela.

- Realizar un comentario gráfico-fonético, morfosintáctico e léxico destes textos.
- Encadrar cada un deles con respecto á variación.

Anotacións

5 No S, a unha hora punta. Un tipo duns vinte e seis anos, sombreiro flexible con cordón en vez de cinta, pescozo longo de máis como se llo estiraran. Baixa a xente. O tipo en cuestión berra contra un veciño. Repróchalle que o empuxe cada vez que pasa alguén. Ton choromiqueiro que pretende pasar por duro. Ao que ve un sitio libre bótase enriba.

De alí a dúas horas, volvo encontralo na Praza de Roma, diante da estación de Saint—Lazare. Está cun compañeiro que lle di: “Deberías mandar poñer outro botón máis no gabán”. Móstralle onde (na abertura do colo) e por que.

42

Vulgar

5 Pasabun cacho dar doce cando dei subido no ese. Subo entón, pago meu billete como ten que ser. E non vou e reparo nun ghichiño cun pescozo grandismo (¡nin que fora un telescopio!) e unhaspecie de cinta arredor do capucho? Miro prel porco topo un perfeuto papán, cando vai e ¡non se che pon a chamarñe a atención ao veciño do lado! Ei oíu, podía ter máis coidado oou, que me parez cadrede, choromícañe, estame escarallando as patas, pisándomas seguido sen parar, lárğañe. E nesas, todo teso, vaise sentar o infeliz. Común papán.

10 Paso dimpois pola Praza de Roma e cáchoo dándoñe á lingua con outro lampantín da súa corda. Oíches, sóltaño outro, pois debíaste acupar en poñer outro botón na túa coroz, arrematou.

41

Ampuloso

5 Na hora en que comezan a se fender os rosados dedos da aurora, subín cal vertixinoso dardo a un autobús de potente estatura e ollos de vaca da liña S de sinuoso traxecto. Reparei, coa precisión e agudeza visual do Indio no sendeiro da guerra, na presenza dun rapaz que tiña o pescozo máis longo que o da xirafa de rápido pé e un sombreiro flexible, mol e fendido, adornado cunha trenza cal heroe dun exercicio de estilo. A funesta Discordia de seos de feluxe veu coa súa boca apestosa por un baleiro de dentífrico, a Discordia –dicía- veu insuflar o seu maligno virus entre este rapaz de pescozo de xirafa e trenza de arredor do sombreiro, e mais un viaxeiro indeciso e fariñento. Este dirixiuse a aquel nos seguintes termos: “Escoite, home malvado, diríase que me anda a pisar os pés adrede”. Pronunciadas estas palabras, o rapaz de pescozo de xirafa e trenza de arredor do sombreiro foise axiña sentar.

15 Máis tarde, na Praza de Roma, de maxestuosas proporcións, avistei de novo o rapaz de pescozo de xirafa e trenza de arredor do sombreiro, acompañado

por un amigo árbitro de elegancias que profería esta crítica que puiden oír coa miña orella áxil (crítica dirixida á vestimenta máis externa do rapaz de pescozo de xirafa e cinta de arredor do sombreiro): “Deberíaslle diminuír a abertura do colo mediante a adición ou o elevamento dun botón na periferia circular”.

20

78

Barallete

Un claro polo michialbeiro enriba das trelas trasufa dun chián, firgo un pinzo cunha chamea largaña e un guineo roduzado por unha lea en legumelo de cinturria. De súpeto, rútalles a un belén de cercurria porque caneaba sobre os zurrios dileces. Pero niquis varil, esguellou cara unha calcanta balduzada.

5

Dalibis a duapes caneas, firgoo diantrufo da guaina dos caureles de Queico Lázaro cun belén xiro do mesmo buxado que lle arromanaba do fiaño de sumén.

82

Homofónico

Un di ás doces “obra platea a forma dun nauto-obus” (¿ese?), “avis, té e un bozo con tren C (¡Arre..! dor) do chape eu”. De erre pente, entrepelou a un *senior* que pre-tendía (di “¡cía!”), el) pi izarlle os pes ¡abre o pósito! Pero oca veu unha (¿sento..? ¡bah, leiro!)... a van donou a... (¿dis “cu”, Sión?) e “ffff...” –oi- “¡sesenta, ar!” co horrendo.

5

Opou co Volvo (¡hin-ho!) verde ante da esta acción de moi tacón versa que un con pinche. O de van dito di ¡cía! Que man da ara su vir un bo ton (DOG van).

1.2. Textos orais

- Examina as características lingüísticas destes textos, segundo os niveis fónico, morfosintáctico e léxico, para xustificar en que nivel de variación se encadran.
- Pon de relevo as diferenzas que hai entre eles.

Texto oral 1

A Nosa Fala. Bloques e Áreas Lingüísticas do Galego

<http://www.consellodacultura.org/arquivos/asg/anosafala.php>

-[A parte dos cabalos son do Santo. Ese Santo é o san Lourenzo, que había unha señora, unha vèlla], que non tiña herdeiros è deixou, as bestas pró santo. Entonces, como èla morreu, os veciños, sèmpre lle tuvèron, que fóronlle apartando as crías è que os, deixando algún macho, vendendo os, os outros, criando as, as èmbra pra, ou as femias, como lle queiramos chamar, è eso foi inzando moito, moito. È entonces, cando ¡ai!, cando os

5

curas quixèron botar man do que había nas iglesias, tamên querían vender as bestas. È esa xente de Sabucedo, uneuse toda, foron onda o arzobispo a Santiaghò è dixèronlle que se vendían as bestas, que fundaban unha capilla de protestantes, è que renunciaban da relihiòn catòlica. È entonces, quedou seghindo a rapa con máis fama, què nunca, è hai alghúns pròpiètarios que tamên tèn alghúnhar bestas, è márcanas tódolos anos, è na, na ianca, è rápanas, è a maior parte dèlas son do Santo, è son co que fan a fèsta, è, è con cousas que, que van axudando por alí. Hai tòmboles, hai, hai de toda a clase de, ¡buèno!, toda a clase de, de, de, que pòde haber nunha fèsta, con moito ambiente.

-¿È as bestas onde están?

-As bestas andan todo o ano soltas no monte. Sòlo as lèvan tres días, da rapa, ò sea que... lèvanas o vièrnes pola tarde, hai a fèsta ó sábadò, o domingo è o lunes; è do rèsto, sóltanas. È alí tèn un, un trozo grande de monte, è nos cruces tèn us, us, us hòmes que fan ghuardia, día è noite, pa as ter aqueles tres días alí, è están soltas no campo comendo. Ou sea, que pasa a carretèra polo mèdio, è están dun lado è doutro. È inda que son bravas, pois non son moi salvakhes, que xa van así, tódolos anos acostumbradas coa xente.

Texto oral 2

<http://ilg.usc.es/ago/>

I. — Antes non había lus elètrica, alumbrábamonos con vèlas, non? È..., açí que çe vía unha lus dun faròl ou do que fora, xa, xa èr'à Compañà, a Çanta Compañà; è había unha lus que çe vía moito às veçes èí por baixo da Curòta. È tod'o mundo: "Ai, a Çanta Compañà, ai a lus da Expiñeira!", è, buèno, prekhuntábamos è andábamos todos açombrados, açí co, coa Çanta Compañà, que diçían da Çanta Compañà.

È prekhuntá<bamos>: "È lògho eça lux que çe ve da'Spiñeira que ê?" Alí êrache un canteiro, que foi a picar pèdra è morreu alí è agora disque ç'apareçe aí tódolus díax. I-êrache açí eçex contos qu'había antes, non sabes? Andaban açí, ca, ca Compañà... Tamên andaba tía Felixa eça da Lomba envòlta nun, nunha çábana, è andaba asus<tando>, açulumbrando à xente, è tod'o mundo diçía qu'èr'à Compañà mais unha difunta do outro mundo; èra tía Felixa, envòlta nunha çábana cunha vèla. Outros dun melón façían unha calabaça, furábanlle dous furados nos ollos, outro na boca, metíanll'unha vèla dentro è, è, è era tamênhe a Çanta Compañà.

E. — E a voste<de> asustárona algunha vez?

I. — Ai eu non qu'eu de noite non andaba que tiña moito medo.

- 5 Hai primeiro / que destacar que os gabinetes de comunicación tanto das empresas como das institucións en Galicia están considerados polos... eh que rexentan estas institucións i estas empresas como / unhas miniorganizaciós dentro da organización grande ou macroorganización á que pertencen / que teñen unha estrutura que vén determinada fundamentalmente pola labor
- 10 dunhos eh / profesionales que son / aproximadamente no cincuenta e dous por cento profesionales da información é dicir / que arrancan incluso dunha formación / eh... de Ciencias da Información ou dunha licenciatura así / aínda que tamén é variopinta despós a súa titulación / hai licenciados / en case todo / pero fundamentalmente en Geografía e Historia i en Dereito i en Económicas.
- 15 Estes... estes gabinetes do comunicación xa digo / son considerados eh... maioritariamente polos medios de comunicación / como unhas organizacións que / contribuyen a que os medios de comunicación... arrimen a sardiña por decilo así / ou a ascua á sardiña das empresas ou das institucións para as que eles traballan. // De todos xeitos, os medios de comunicación dicen, os representantes dos medios de comunicación / consideran que son elementos / ou instrumentos útiles para... para o seu traballo.

Bibliografía

► *Lecturas obrigatorias*

Coseriu, Eugenio (1981b): “Los conceptos de ‘dialecto’, ‘nivel’ y ‘estilo de lengua’ y el sentido propio de la dialectología”, *Lingüística Española Actual* 3, 1-32.

► *Lecturas complementarias*

Cidrás Escáneo, Francisco (1994): “Modelos de lingua e variación sintáctica”, *Cadernos de Lingua* 10, 103-118.

Coseriu, Eugenio (1981 a): “La lengua funcional” en E. Coseriu, *Lecciones de lingüística general*. Madrid: Gredos, 287-315.

Dubert, Francisco (2002): “Os sociolectos galegos”, *Cadernos de lingua* 24, 5-27.

Halliday, M. A. K. (1990): *Spoken and Written Language*. Oxford: Oxford University Press.

Kabatek, Johannes (1991): “Interferencias entre galego e castelán: problemas do galego estándar”, *Cadernos de Lingua* 4, 39-48.

Labov, William (1983): *Modelos sociolingüísticos*. Madrid: Cátedra.

Monteagudo, Henrique (1997): “Modelos de lingua. Consideracións teóricas ó fío do debate sobre a estandarización do galego”, *Cadernos de lingua* 16, 5-33.

- Monteagudo, Henrique (2005): “Do uso á norma, da norma ao uso (Variación sociolingüística e estandarización no idioma galego)”, en R. Álvarez / Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación*. Santiago: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 377-436.
- Moreno Cabrera, J. C.(2000): “ Una sola especie humana y una sola especie lingüística” en *La dignidad e igualdade de las lenguas. Crítica de la discriminación lingüística*. Madrid: Alianza Editorial, 17-38.
- Veiga, R. (2004): “A lingua do noso audiovisual”, en *Libro branco da cinematografía e artes visuais en Galicia*. Santiago, Consello da Cultura Galega, 311-30.
- Vidal Figueroa, Tiago (1997): “Estructuras fonéticas de tres dialectos de Vigo”, *Verba* 24, 313-332.

2. Introducción á historia da lingua e á gramática histórica galega

- 2.1. Introducción á variación histórica da lingua galega: periodización da historia da lingua galega. O sistema lingüístico galego medieval e contemporáneo.
- 2.2. Antigüidade (ss. I-VII). Oríxes do galego. Latinización e linguas prelatinas.
- 2.3. Alta Idade Media. Formación da lingua galega (ss. VIII-XII).
- 2.4. Idade Media Central e Baixa. O galego antigo (ss. XIII-XV): emerxencia, florecemento e decadencia.
- 2.5. Idade Moderna. O galego medio (ss. XV-XVIII).
- 2.6. Idade Contemporánea (ss. XIX-XX). O galego contemporáneo.
 - a. Século XIX: Pre-rexurdimento e Rexurdimento.
 - b. Século XX: Xeración Nós, Franquismo e Democracia.

ACTIVIDADES

Texto 1
1225 ca.] Sobrado de Trives (Ou)
Pesquisa que realizaron don Rodrigo Fernandez, don Sancho Paez, Velasco Eanes e Johan Paez, sobre o reguengo da terra de Laioso (Ou).
Arquivo da Catedral de Ourense.

Hec est inquisitio uerissima quam exquisierunt dominus Rodericus Fernandiz et dominus Sancius Pelaiz et Velascus Iohannis et Johannes Pelaiz ² super regalengo que est in terra de Laioso.

- 5 Petrus Erez, iuratus, dixit: “In illo tempore de Soutelo et de Sancto Iohanne et dō Fernã ³ Sanchez ouuerō a fazer senaras in monte regalengo cum boues de suas casas. Alio monte que dicitur Sorueira ⁴ est regalengo. In Mazaneda hereditate que fuit delos Capezudos tota est regalenga. Hereditate que fuit de dona Cristina ⁵ est regalenga. Melendus Herez comparauit una leira de homines mandados et tenet eã. In Sancto Iohanne o Souto de Porta, 10 quomodo ⁶ uadit per uia et inde a Uerruguela, fuit de homines mandados. In porto de Langulo habet regalengo. In Sancto Iohanne habet uno sollare et 1º linar et 1º orto et est regalengo. In Trauessas enqueriron a homines bonos et dederunt eã dō Matia”.

Texto 2

Encontro de Pares e Helena (1373)

Ramón Lorenzo (1985): *Crónica troiana*. Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, p.253.

E depouys que Pares soubo que Elena y era, foy moy ledo, et ouuo moy grã sabor de a veer, ca moytas uezes oýra falar que nũca home tã fremosa moller vira. Et tãto disso et fezo et engeñou que, os que de ssey moytas uezes oýrã falar, que sse virõ denssũ.

5 Et sentárõsse anbos en hũ estrado et começarõ a falar. Et catáuãsse anbos de moy boament et moyto amjúde, et faziãsse dous senbrãtes. Et se sse algu delles vençia en seu catar, logo a pouca de ora alçaua os ollos, o mays taste que podiã. Et Elena pregũtou a Pares cujo fillo era ou de qual terra ou a que vëera alý. Et marauillousse moyto da bondade que auja. Et depouys que o veu
10 et cõ el falou, quisolle moy grã ben.

Et Pares era moy ardido et moy esforçado et moy sesudo, et parou moy ben mētes ãno moy fremoso cõtenēt de Elena et ãno seu catar et ãno senbrãt que ela faziã. Et ben entēdeu per y et soubo que o amaua de coraçõ, et nõ lle pesou. Et cõtoulle logo sua fazēda, assy cõmo el mellor soubo. Et ela nõ lle
15 pesou de nehũa cousa que lle el dissesse. Et comoquer que a fala durou pouco entre elles, pero sabede que anbos et dous forõ uēçudos d'amor. Et ameúde perdiã as cores et nõ sabiã que cõsello prendessen. Et nõ mostrauã hũ a outro que sse queriã desafiar, segundo cõmo sse catauã. Et depouys que Pares ouuo sua rrazõ acabada, espedeusse dela et foy entrar en seus naos.
20 Mays ben os mou ela que a uerria el depouys veer.

Texto 3

Apuntamento notarial para unha carta de separación matrimonial en Rianxo (1457).

Arquivo Histórico Universitario de Santiago.

Fonte: Fernando R. Tato Plaza (1999): *O libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. Santiago de Compostela, pp. 137-138.

Este día, mes e ano, ãno dito lugar, Fernand Mjgelles, pedreyro, diso que, por quanto / el nõ era cõtento da vjda que fasja cõ Dominga, súa moller, e por nõ / cabsar mal de hũu ou de outro, que se quería apartar e quitar dela e se quitaua / e apartaua dela e a daua por libre e quita para que de oje en
5 deante fose / de sy e de seu corpo e fasenda todo quanto quisese e súa võtade fose, / sen pena ñjgũa. E a dita Dominga diso que, poys así era súa võtade, / que leuase o cãrrego delo sobre súa alma, e que lle prasia e que así mjsmo / o soltaua ao dito Fernand Mjgelles e se quitaua del para que fosẽ libres / e quitos hũu do outro e o outro do outro; e prometerõ amas ditas
10 partes / de nõ acusar hũu a outro so pena de çent floris d'ouro para a parte a/cusada; do qual diserõ que outorgauã dúas cartas firmes e fortes, / quaes en esta rrasõ más firmes se podese faser, feytas en hũu / thenor para cada

15 hũu deles a súa, e aos presentes rrogauã que fosẽ testigos; / do qual forõ
testigos: Ferrnando de Catoyra e Gomes de Rribademar, juís, / e Diego
Maseda, moradores en Rriãjo. //

Texto 4

Carta de Juan de Lanzós ó conde de Gondomar (ca. 1598)

Biblioteca de Palacio (Madrid)

Fonte: Rosario Álvarez / Xosé Luís Rodríguez Montederramo (2004): “Escrita epistolar en galego: a correspondencia de don Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar (1567-1626)”, *BRAG* 365 (2004), pp.253-291.

5 Eu beyjo a *vosa merced* as mans muytas ueçes por a memoria que tubo de
acordarse de min, suprico a *vosa merced* que non me oluide. A miña *señora*
doña Costança fago o mesmo, *que* é veyjarlle as mans, e que ningún no
mundo é máis seu servidor *que* eu, e como atal terrey a muyta dita se acorde
10 [verso] de enpregarme en cousas de seu seruiço, con muyta certeza que
ninguén con tanta uontade como eu a seruirá, que en miña conciança *que*,
quando eu non tibera a obrigaçón que o mundo saue, pola nobreça *que* en
vosas mercés coñeço o fijera. A esos meus señores seus fillos de *vosa*
merced e primos meus veyjo infinitas ueçes as mans, e Deus os faga en todo
15 seus fillos de *vosa merced* e de miña señora doña Costança, a quens *guarde*
Noso Señor como eu seu criado desejo. Çamora, oje sabado,
Seu sobriño de *vosa merced* e seruidor,
Don Juan de Lançós y de Andrade

Texto 5

Rosalía de Castro (1863): Cantares gallegos. BVG

5 Grande atrevemento é sin duda par' un probe inxenio com' ó que me cadrou
en sorte, dar á luz un libro, cuyas páxinas debian estar cheyas de sol, d'
armonia, e d' aquela naturalidade que unida á un-ha fonda ternura, á un
arrulo incesante de palabriñas mimosas e sentidas, forman á mayor beleza
10 d' os nosos cantos populares. A poesia gallega toda música e vaguedade,
toda queixas, sospiros, e doces sorrisiñas, mormuxando un-has veces c'os
ventos misteriosos d' os bosques, briland' outras c' ó rayo de sol que cai
sereniño por enriba d' as auguas d' un rio farto e grave, que corre baixo as
ramas d' os salgueiros en frol, compriálle para ser cantada, un sprito subrime
15 e cristaiño si asi ó podemos decir, un-ha inspiracion fecunda, com' á
vexetacion que hermosea esta nosa privilexiada terra e sobre todo un
sentimento delicado e penetrante prá dar á conocer tantas bellezas de
pirmeiro orden, tanto fuxitivo rayo d' hermosura, como se desprende de
cada costume, de cada pensamento escapado á este pobo á quen moitos
20 chaman estúpido, e á quen quisais xuzguen insensibre, estraño a devina
poesia. Mais naide ten menos qu'eu teño, as grandes cualidades que son

precisas prá levar á cabo obra tan dificil, anque naide tampouco se pudo achar animado d'un mais bon deseño, prá cantar as bellezas da nosa terra naquel dialecto soave e mimoso, que queren facer barbaro, os que non saben
20 que aventaxa ás demais linguas en doçura e harmonía. Por esto, inda achándome debil en forzas, e nabendo deprendido en mais escola qu' á d' os nosos probes aldeans, guiada solo por aqueles cantares, aquelas palabras cariñosas e aqueles xiros nunca olvidados que tan doçemente resoaron nos meus oídos desd' á cuna, e que foran recollidos po-lo meu corazón como
25 harenxia propia, atrevínme á escribir estos cantares, esforzándome en dar á coñecer como algun-has d' as nosas poéticas costumes, inda conservan certa frescura patriarcal e primitiva, e com' ó noso dialecto doce e sonoro, é tan a propósito com' ó primeiro, para toda clase de versificación. As miñas forzas é certo quedaron moito mais abaixo d' ó que alcançaran os meus deseyos, e por eso comprendendo canto poidera facer neste un gran poeta, dóyome inda mais da miña insuficiencia. Ó libro d' os Cantares de D. Antonio Trueba, que m' inspirara e der' alento prá levar á cabo este traballo, pasa pó-lo meu pensamento com' un-hun remorso, e casi asoman as vagoas ós meus ollos ó
30 pensar como Galicia se levantaría hastr'ó lugar que lle corresponde, si un poeta como Anton ó d' os Cantares, fose o destinado prá dar á coñecer as súas bellezas e ás súas costumes. Mais á miña infeliz patria, tan desventurada neste como en todo ó mais, tense que contentar c' un-has páxinas frias e insulsas, qu' á penas serían dinas d' achegarse de lonxe ás portas do Parnaso, como non fosse pó-lo nobre sentimento c' as creou. Qu' esto mesmo me sirva de disculpa, prá os que xustamente quirtiquen as miñas faltas, pois penso que ó que s' esforça por desvanecer os erros que manchan e ofenden inxustamente á súa patria, é acreedore á algun-ha indulxencia.

Cantos, vagoas, queixas, sospiros, serans, romerías, paisaxes, debesas,
45 pinares, soidades, ribeiras, costumes, tod' aquilo en fin que pó-la súa forma e colorido e dino de ser cantado, todo ó que tuvo un eco, un-ha voz, un runxido por leve que fosse, que chegase á conmovirme, tod' esto m' atrevín á cantar neste homilde libro prá desir un-ha vez siquera, y anque sea torpemente, ós que sin razón nin coñecement' algun nos despreçan, qu' a nosa terra é dina d' alabanzas, e qu' a nosa lingua non é aquela que
50 bastardean e champurran torpemente nós mais ilustradíssimas provincias, c' un-ha risa de mofa, qu' á desir verdade (por mais qu' esta sea dura), demostra á ignorancia mais crasa y á mais imperdoable inxusticia, que pode facer un-ha provincia á outra provincia hirman por probe qu' esta sea. Mais he aquí qu' ó mais triste nesta cuestión, é á falsidade con que fora d' aquí pintan así ós fillos de Galicia com' á Galicia mesma, á quen xeneralmente xuzgan ó mais desprezable e feyo d' España, cando acaso sea ó mais hermoso e dino d' alabanza.

Non quero ferir con esto á susceptibilidade de naide, anque á decir verdade,
60 ben poidera perdonarsell' este pequeno desafogo á quen tan ferida foy de todos. Mais eu qu' atravesei repetidas veces aquelas soledades de Castilla,

que dan idea d' ó deserto; eu que recorrin á feraz Estremadura y á estensa Mancha, dond' ó sol cai á plomo alomeando monotonos campos, dond' ó cor d' á palla seca prest' un tono cansado ô paisaxe que rinde e entristece ó
65 espírito, sin un-ha herbiña que distraya á mirada que vai perderse nun ceo sin
nubes, tan igual e tan cansado com' á terra que crobe; eu que visitei os
celebrados arredores d' Alicante dond' os olivos, có seu verd' escuro,
sembrados en fila e de raro en raro parecen chorar de verse tan solitarios, e
70 vin aquela famosa horta de Murcia, tan nomeada, e tan alabada, e que,
cansada e monotona com' ó resto d' aquel paise, amostra á sua vexetacion tal
como paisaxes pintados nún carton con árbores postos simetricamente y en
carreiriños para divertision d' os nenos, eu non podoo menos d' indignarme
cand' os fillos d' esas provincias que Dios favoreceu en fartura, pero non ná
75 beleza d' os campos, bulranse d' esta Galicia competidora en clima e
galanura c'os paises mais encantadores da terra, esta Galicia donde todo é
espontaneo na natureza y en donde á man do home, cede o seu posto á man
de Dios.

Lagos, cascadas, torrentes, veigas froridas, valles, montañas, ceos azues e
serenos com' os d' Italia, horizontes nubrados e malenconicos anque sempre
80 hermosos com' os tan alabados da Suiza, ribeiras apacibres e sereniñas,
cabos tempestuosos qu' aterran e adimiran po-la sua xigantesca e xorda
cólera... mares inmensos... que direi mais? non hay pruma que poida
enumerar tanto encanto reunido. A terra cuberta en tóda-las estacions de
herviñas e de frores, os montes cheyos de pinos, de robres e salgueiros, os
85 lixeiros ventos que pasan, as fontes y os torrentes derramándose fervedores
e cristaiños, bran e inverno, xa po-los risoños campos, xa en profundas e
sombrias ondanadas... Galicia é sempre un xardin donde se respiran aromas
puros, frescura e poesia... E á pesar d' esto chega á tanto á fatuidade d' os
iñorantes, á tanto á indina preocupacion que contra á nosa terra existe, qu'
90 inda os mesmos que poideron contemplar tanta hermosura (xa non falamos
d' os que se bulran de nos sin que xamais nos hayan visto nin ainda de
lonxe, que son os mais) inda os que penetraron en Galicia e gozaron d' as
delicias qu' ofrece, atreveronse á decir que Galicia era... un cortello
inmundo!!... Y estos eran quisais fillos... de aquelas terras abrasadas d' onde
95 hastra os paxariños foxen!... que diremos á esto? Nada mais sinon, que taes
fatuidades, respecto do noso pais, teñen algun-ha comparanza c' as d' os
franceses ô falar d' as suas eternas vitorias ganadas ôs españoles. España,
nunca, nunca os venceu, po-lo contrario sempre saleu vencida, derrotada,
homillada, e ó mais triste d' esto é que vale antr' eles tan infame mentira, así
100 como vale prá á seca Castilla, prá á deserta Mancha e prá tóda-las demais
provincias d' España, —ningun-ha comparada en verdadeira beleza de
paisaxe, có á nosa,— que Galicia é ó rincon mais despreziable da terra. Ben
din que todo neste mundo está compensado, e ven así á sufrir España d' un-
ha nacion veciña que sempre á ofendeu á mesma inxusticia qu' ela, inda mais
105 culpabre, comete c' un-ha provincia homillada de quen nunca s' acorda,
como non sea prá homillala inda mais. Moito sinto as inxusticias con que
nos favorecen os franceses, pró neste momento casi lles estou agradecida,

90 pois que me proporcionan un medio de facerlle mais palpabre á España á
inxusticia qu' ela á sua vez conosco comete.

95 Foy este ó movil principal que m' impeleu á publicar este libro, que mais
que nadie, conoço que necesita á indulxencia de todos. Sin gramatica, nin
regras de ningun-ha clás, ó lector topará moitas veces faltas d' ortografia,
xiros que disoarán ôs oídos d' un purista, pró ô menos, e prá disculpar en
100 algo estes defectos, puxen o mayor coidado, en reproducir ó verdadeiro
esprito d' ó noso pobo, e penso qu' ó conseguin en algo... si ben de un-ha
maneira débil e froxa. ¡Queira ó ceo qu' outro mais afertunado qu' eu, poida
describir c' ó seus cores verdadeiros, os cuadros encantadores que por aquí s'
atopan, inda no rincon mais escondido e olvidado! prá qu' así ô menos en
fama, xa que non en proveito, gane e se vexa c' o respeto e admiracion
merecidas esta infortunada Galicia.

Santiago, 17 de mayo de 1863.

ROSALIA CASTRO DE MURGUIA.

Texto 6

Antonio López Ferreiro (1894): *A tecedeira de Bonaval*. BVG

UN AVISO AO BONDOSO LEUTOR

5 POR si che pega a ventoleira, leutor amabre, de recorrel-os catro borranchos
estampados nestas brancas follas, no-me leves a mal que eu d' anteman che
diga algunhas poucas palabras acerca do caletre desta pequena obriña. Ben
sey que, ao soilo vel-a, machiscarás e darás aa cabeza; e sóbrache razon,
poisque tal é o milagre das do seu pelo, que non merescen outra cousa; que
calquera home de seso, ao caerlle entr' as maos unha obra de tal caste, ten
moito de que escamarse. Non pretendo eu que a miña seya millor, nin
10 siquera tan boa, com' as suas compañeiras. ¿Qué xuncras ha de valer unha
obra feita sin pran, sin concerto, sin a necesaria sabencia, escanaveirada e
que se cay a pedazos? O unico título que poida teer esta zaragallada para a
tua benévola acollença, é que ti, leutor humano, queiras folleal-a por
consideracion ao autor, que é un vello cansado, que, para tranquilizar as
inquietudes e as acias do esprito, púxose a estribillar ca pruma engaduxando
15 unhos cantos párrafos na nosa dooce fala gallega. Alomenos, algo che debe
mover a circunstancia de que hachase bálsamo pra as suas fridas, nos
recordos, na estorea, nas cousas da patria quirida, espricadas cas mesmas
frases e cos mesmos vocables con que alá noutro tempo nosos abóos
parolaban e se entendian.

20 E, neste particular, non che digo mais. Agora perdóname si ainda che
deteño outro pouco para decrararche as razoos que tiven pra adoutar a
ortografia que notarás neste escrito.

25 Un dos distintivos mais propios da fala gallega, é que na composicion das
palabras, mormentres na fala familiar, manden as vocales sobre as
consonantes. Ningun outro dioma, sacando o grego, abunda tanto en vocales
como o noso. Temos tritongos e ditongos a barullo, e vocales largas ou

dobres, ou compostas, ademais das comuus ou breves, quer abertas, quer cerra-das (1). Na trascricion dos tritongos e dos ditongos pouca dificultá pode haber; porque, espresando as vocales de que se compoñen, xa estamos

30 fora do paso. O conto é cas vocales largas ou dobres. Si tiveramos, como os gregos, sinos distintos pra espresar as vocales largas ou breves, entonces xa non habia costion; pero como tales sinos ¡qué nol-os dera! hay que acudir a outros medios. Os medios hastra agora empregados pra o caso, redúcense a dous; ou repetir a vocal breve cando ten o valor de larga, ou marca-la con un

35 acento ou cousa semellante. A min paréceme preferible o primeiro medio, porque o acento sol facer mais cortados e irtos os sonidos, e, por consiguiente, failles perder aquela pastosidá e aquela moleza que está tan ben na nosa fala. Este, por outra parte, é o recurso que empregaron os nosos vellos, como se pode ver pol-as escrituras antigas. Aínda n-alguns ditongos

40 tropézase ca mesma dificultá. Tal é o ditongo que resulta da xuntanza da perposicion a co artículo a, o (Ia, el). Agora douse en escribir este ditongo ao estilo dos Portuxeses. Non me meto cos Portuxeses, porque eles terán as suas razoos para obrar asi; mais, ao meu pouco entender, este modo de trascibir o tal ditongo, si que mete moita confusión e destroi a sintaxis,

45 deixando no tinteiro partes tan prencipaes na oracion como son as perposicions. O caso é q' os mesmos Portuxeses, cando se trata do ditongo que forma a perposicion a co artículo masculino o (él), entonces déixanse de acentos e estampan as duas vocales ao unha tras d' outra. Eu, que son tradicionalista hastr' os miolos, atéñome tamen nesto ao que nos insinaron os nosos abóos. A trascricion do sonido tan carauterístico do dioma gallego que equivale ao da g francesa siguida de e, ou de i, fixome cavar non pouco. Nun principio pareceume que debia atermeme aas regras que tan sabeamente sentou o Sr. D. Marcial Valladares no seu Dicionario gallego; e os argumentos que me movian a opinar asi, ao meu xuicio, non eran froxos.

55 É verdá que alguns prifiren a letra x pra a representacion do dito sonido, fundados en que esto facelita moito a comprension e escritura do Gallego. Esto é indudabre; mais ¿é o bastante pra resolver a costion? ¿non é de sumo interes o conservarlle a cada palabra a sua propia forma e filausia, e a forza nativa e íntima do seu significado? O certo é que a ningun pobo culto lle deu, que eu saiba, por romper na escritura da propia fala cos antecedentes etimolóxicos. E si consultamos a ortografía que siguiron os nosos antigos, nos seus escritos, tamen temos o mesmo.

60 Pero (e este é un triste pero) ¿hay esperanza de-que a nosa faliña seya algunha vez estudiada e cultivada con todo aquel aparato de nocions filoxíxicas, etimolóxicas e gramaticas que hoxe se estila? Paréceme moito pidir; e non lle votemos toda a culpa aos estraños, pois os da casa podiamos facer algo mais. Pol-o cual dididime ao fin a adoutar a x. E esta letra ten pol-o menos a seu favor a autoridá do noso insine e malogrado mayestro Saco e Arce.

70 D' outra particularidá do noso dioma debo enxergar unhas cantas palabras. De tal modo conserva a nosa faliña a vertu qu' os filólogos chaman

aglutinante, que moitas diciós para poder millor, como si dixéramos, encolarse cas que lle siguen, ou cas que van rixidas delas, perden ou cambéan a letra ou letras derradeiras. Nótase esto especialmente nas
75 perposicions en e con; a primeira, para quedar máis solta e libre para xuntarse co artigo que dela vay rixido, ípese da e do principio; e a segunda, pra o mesmo fin, despréndese da o e da n. Asemesmo, a r con que rematan os infinitivos, cambéase en l, que é consonante líqueda mais mol, cando ten que xuntarse cos pronombres personales de terceira persona; e a s
80 final dos pronombres de plural da primeira persona, cambéase tamen en l, cando detrás do pronombre vay enseguida o artigo correspondente; por exemplo: nol-os gallegos por nos os gallegos.

Pra indicar esta propiedá do gallego, e ao mesmo tempo pra evitar a oscuridá e a confusion, meto, como xa fan moitos, entre as palabras encoladas ou aglutinadas, ora o guion, ora o apóstrofo. Por eso, estos sinos conomízoos canto mais podoo, para non darlle a escritura a traza de un papel de múseca.
85

Ben sei que n-algunhas cousas destas apártome da Ortografía hoxe xeneralmente siguida no escribir o gallego; pero como estamos no periodo costituyente, falemos com-os políticos, creyo que cada un pode espoñer franca e lealmente as suas opinions. Pero, pol-a miña parte, protesto que estou prestes a adoutar e seguir ao pe da letra as regras que d' algun modo oficial se poñan e establezan.
90

Agora fáltame dicir algo sobre o acento, ou seya o tono e infleusion da voz conque falamos os gallegos. Moito se nos apoepa e desprecia aos gallegos; pol-o noso acento, sin facérense de cargo os que nos critican, que tamen eles neste punto teñen bastante que rascar. É certo co noso acento (e agora non falo dos defeutos na pernunciacion) é algo froxo, e, si se quer, arrastrado, e que, pol-o consiguiente, forma un vivo contraste co dos castellanos, que é seco e súpeto como un estalo (2); pero non ten as afeutaciones e os finxementos dos d' outros sitios. Recórdese a propósito desto, o que dice Cervantes da Gitanilla, que falaba ceceoso, non porque esto nas xitanas fose natureza, pois era artificio. Pero como nos Madriles, que é a corte, se da a pauta pra o gusto, e aló impera o artificio e non o que é natureza, de aqui é que fagan bulra e mofa do acento gallego, e, en cambio, dean as laudes e poñan nas nubes a outros mais viciosos e defeituosos. Non é de estrañar, pol-o tanto, que o noso dioma, aquel dioma a quen en outro tempo tanto respetaron e apreciaron D. Afonso o Sabio, o Arcebispo de Toledo D. Gonzalo de Palomeque, o Marqués de Santillana, e outros insines literatos, teña que retirarse agora avergonzado, e esconderse, e, a portas cerradas, para que naide o vexa, atender aas suas cousas. E sin embargo, desta fala tan aldraxada, hoxe vense craros reflexos n-aquela obra inmortal que é o representante mais xenuino e lexítimo da literatura española. Tarde piache, así espresamente decia Sancho Panza, cando os paveros aqueles da insula Barataria o importunaban para que non-os deixase. E o famoso D. Quixote, n-aquela improvisada Arcadia con que topou, indo pra Barcelona, ao dar as
95
100
105
110
115

gracias poI-os ousequios que lle fixeran, dixo, como os nosos labregos, que de desagradecidos estaba o inferno cheo (3). E o mesmo Gobernador da Barataria, n' outra ocasion, contestándolle ao amo nas refreusios que estaba
120 facendo, despois de reconocer unhas imaxeas de santos a cabalo, como si quixera arredar aos nosos paisanos —Dios lo oiga —dixo moito— y el pecado sea sordo (4). Secos como arestas (aristas) tiña os ollos a Condesa Trifaldi; e D. Quixote matou, que non apagou, as dúas velas que lle puxeran no castillo do Duque, pra que se ispise e deitase a noite que a bromista
125 Altisidora lle dou a serenata. Non se lle cocia o pan no corpo aa Duquesa hastra que leyeu a carta de Teresa Panza; e D. Quixote n-aqueles tan bóos consellos que lle dou a Sancho pra gobernar a insua, encargoulle moito que non arrotase (eructase); que non quixo valerse da palabra regoldar, porque este é un dos vocables mais feyos que ten a lengoa castellana.

130 Esta lista ben-a podiamos alargar moito mais; pero acabarei con aquel, Eu ben sey-o que me compre (Yo bien sé lo que me cumple) con que D. Quixote lle tapou a boca a ama e a sobriña, pouco antes de caer enfermo da sua última enfermédá.

135 Algúns outros puntos podia tocar aquí; mais esto xa se vay facendo moi pesado, e así, ca paz de Dios despídome de ti, leutor amabre.

(1) Ainda o dioma portuxés, que é noso hirman, ou, por mellor dicir, noso fillo algo olvidadizo, non pode competir con nos neste punto. Así por enxemplo, eles dicen Bento (Benito) e nos Bieito; eles fento (helecho) e nos feito, etc. Non se me esquece que n' algunhas comarcas de Galicia dicen fento (helecho) ao que en
140 outras se chama feito, mais aquí non habemos de ir tomando nota das diversas formas que poidan usarse en cada país, sinon do que é mais usual e correuto en toda a rexión gallega.

(2) Deles xa dixo o autor do Poema d' Almería: *Illorum lingua resonat quasi timpano tuba*.

(3) De los desagradecidos está el infierno lleno.

(4) En boa hora sea dito, e o deño sea sordo

Texto 7

Vicente Risco (1927): “Os europeos en Abrantes. Epopeia en prosa”. *Nós, Boletín mensual da cultura galega*, nº 39, pp 3-4.

O CABALO DO MÉDECO D'ABRANTES

Non puxemos a iste ser portentoso e increibre, nin antr'a frora nin antr'a fauna, nin antr'a cristiandá d'Abrantes, porqu'iste qu'a xente chamaba
5 cabalo, anque vivia, e de milagre non pertencia en rigor ô mundo dos vivos, senon mais ben ô dos espritos. Er'un persoaxe de mesa xiratoria que nin catalogou Paracelso nin intuiu Swedemborg, nin sospeitou Allan Kardec. Era o úneco estrano, o úneco anormal, o úneco qu'en Abrantes estaba ceibe de toda vulgaridade, o úneco realmentes espiritual qu'alí había.

10 Lembrade o espeutro hípico no que vai montada a Gadañadora no Trunfo da Morte de Breughel o Vello, e daravos unha ideia d'aquil esquelete de cabalo que levaba unha pelexa prlada, comesta da polilla, adautada com'unha funda ós ósos limpos. Somellaba un cabalo d'aramio, un santón sen áas nin

15 ventre, unha bicicleta que tivera patas en lugar de rodas... Era un cabalo
sumarísemo, sen máis órgaos qu'os estriutamente indispensabres prá
locomoción, sen ningún de nutrición, que sen dúbida perdera por lle non
seren útiles, por seren se cadra indinos do cabalo perfeuto, que nin debe
comer, nin beber, nin arder, senon somentes correr; un cabalo reducido a
unha soila función, un cabalo rigurosamente centífeco.

20 Era un cabalo-pantasma, tal lixeirísemo na sua masa, coma nos seus
movementos. Sostiñase nas suas catro patas por un verdadeiro milagre de
levitación, e tan pouco peaba, que non deixaba na terra a marca das pisadas.
Esbaraba com'as fadas e com'os nubeiros. Era a sombra indecisa d'un faco
inverosímile, mais apesares da suprema tuberculosis, da atonía mortal da
25 que era acabado embrema, o cabalo do médeco d' Abrantes traballaba. En
troques de ser unha besta de campá e luxo, servía pra silla e mais pra tiro.
Voaba com'unha palla no vento... D'onde senon da sua falla ausoluta de
peso, podía sacar forzas pra correr co médeco a carranchaperna, e mais pra
turrar a un tempo pol-o coche y-o médeco? De certo non se sabía ô velo
s'era inseuto ou cadrúpedo, e somentes os veciños d'Abrantes, non moi
30 agudos d'entendemento, podían asegurar, porqu'o crían pol-a fé, qu'era
aquil un cabalo.

Moralmente eta un asceta o cabalo do médeco d'Abrantes. Pode qu'enantes
tivera pecado moito, mais de todol-os xeitos, Abrantes foi pra il unha
Tebaida espiatoria e santa que d'as suas virtudes coma ledas froles de
35 penitencia. Facer, fixo méretos d'abondo pra conquistar un ceo, ou pol-o
menos un limbo axeitado â sua y-alma de besta padecente. Era un fakir, era
o Pappus de sua especie, que vivía do aúno, úneca mantenza que lle daba a
Providencia, qu'o qu'é o médeco non lle dabe senon traballo. Era o
hipocamaleón, era unha ilusión, era un soño feito ósos...

40 Aquela besta heróica viviu en Abrantes a epopeia da fame, sn protesta, sen
unha queixa, sen relincho nin couce... Ninguén soupo aprecial-as virtudes
escelsas dáquil ser singular. Il tampoco dixo á ninguén o poema segredo dos
seus soños, nos que sin dúbida, a memoria da especie lembraba as lameiras,
as touzas, as gándaras sen fin por'onde brincaban as egoadas ancestrás...
45 porqu'il non coñecía os piensos racionás, nin os establos modelo, nin nada:
non leera o traballo que tiña en prensa o Sr. D. Horacio Bonet catedrático
d'Agricultura do Instituto xeneral e técnico d'Oria, chamado a sel-a Bibria
da Zootecnia futura.

50 É ademais o úneco persoaxe d'esta narración que tivo un fado tráxico e un
épico final, na ocasión memorabre en que Abrantes estivo a piques de
figurar na Hestoria....

A posteridade faralle xustiza.

Bibliografía

▶ *Lecturas obrigatorias*

Monteagudo, Henrique (2001): “O idioma”, en V. Fernández Freixanes, *Galicia, unha luz no Atlántico*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 108-120.

▶ *Lectura complementaria*

Mariño Paz, Ramón / Varela Barreiro, Xavier “Historia da lingua galega”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 34 (Apéndice 2000), 213-38.

▶ *Manuais de consulta*

Hermida, C. (1992): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento(1840-1891)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Mariño Paz, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela . Sotelo Blanco.

Monteagudo, Henrique (1998): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

▶ *Recursos en rede*

<http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg/loia/>

3. Introducción á dialectoloxía da lingua galega

3.1. Introducción á variación xeografía na lingua galega. Principais características e principais trazos caracterizadores: áreas lingüísticas. (visión de conxunto).

3.2. Os falares galegos occidentais. Principais trazos e subdivisións. As áreas fisterrá, iriense, sudoccidental e tudense.

3.3. Os falares galegos centrais. Principais trazos e subdivisións. As áreas mindoniense e lucu-auriense.

3.4. Os falares galegos orientais. O galego estremeiro: o galego de Asturias e o berciano.

ACTIVIDADES

- Detectar as características dialectais presentes no texto e situalas na área xeográfica correspondente

Texto 1

<http://www.consellodacultura.org/arquivos/asg/anosafala.php>

Informante 2: Un veciño 62 anos, labrego. Data: Decembro do 1983. Gravación e transcripción: M. D. Lagarón Ron. Fonte: AGO.

En total que foi un è, è colleu unha caxa de cerillas, pra ir encender despois o, arriba outra vez a luz, prò apagóuselle na escaleira, i-ò apagárselle na escaleira, outra vez todos vòlta pra atrás. Inda dixèron despois alí na cocíña:

5 - ¡Vergonçillòis, vergonçillòis! Entre tantos, entre tantos como hai è que naide se atreva a volver pra alí è tal è que sei...

10 Buèno, prò sòn ditos da xènte, ou sea, de, nò, nò è que èra frecüente porque a xènte daquela tamèn tiña muita debilidá. Taba con muita fame; iè, i-à fame fai ver muitas visìòis, è si, si, si. Aora que despois si, cuèntos do dèmo haios, haios, pro non, sòn cuèntos, que non, que non valen pra gravar porque, porque claro, un quèdaselle porque, lle fain gracia; fanlle gracia pola, polas picardías.

Texto 2

Concello: A Pobra de Brollón. Parroquia: CASTRONCELOS (SANTIAGO). Lugar: Vilarmao. Tema: Crenzas. Subtema: Compañía. Informante/s: Muller 54 anos – labrega. Gravación de: Olga Novo. Ano gravación: 1996. <http://ilg.usc.es/ago/>

Eu non sei moito destas cousas dos mòrtos però, eu teño óido sèmpre que, antes, que volvían è'ste mundo; è qu'habí'à Santa Campaña è todo eso, que

5 era unha, que era unha..., que andaban os esp<íritos>, os mórto polos
camiños, porqu'antes carretêras non había, nò, qu'andaban os mórto polos
camiños è qu'iba un didiante cunha cruz, hasta qu'encontraban a unha
persona; ô tropezarse cunha persona que lle tiñan que deixar aquela cruz
hasta que vovera encontrar outra è qu'andaban sèmpre en precesiós èsí
10 polos camiños. Èsí è todo eu, contábamo a abuela è todo eso, però eu tiña eu
pasábam'un medo cada vez que mo contaban!, dispois non me podía ir â
cama sòla.

15 I-è, i-ò mirm'o meu hòme, o Khaime, buèno, tiña levado un medo! Unha vez
que iba às mozas è pasaba por ond'òn cemèntèrio, è claro. Había un plástico
grande dentro do cemèntèrio, è facía moito aire, según pasaba por ond'ò
cemèntèrio, il que lle tiñ'òn med'ôr mórto terrible, pois vèn unha vèntalada
15 d'aire è vènlle co-aquil plástico, il empezou: guau, guau, guau, guau, guau!
Quedou, a pouco máis quèdas'ivado.

20 I-àtro cuñado tamên que viña pr'ònda, pr'ònd'ònha irmá pasou por ond'ò
cemèntèrio è traía unha gorra, enganchóuselle nunha, nunha canella dunha
figueira, èlí no atrio; i-èl, claro, deixouna quedar è botous'a correre, è dicía
que claro, que lle quitaran a gorra do, da cabeza. Hasta que p'ò outro día,
20 polo día, volveu pasar por èlí è viu, viu o carakho da gorra colgada na
figueira, no, no, nos gallos, nos gachos da figueira.

È moitas cousas èsí, porque... èi mesmo no Lòr dicían qu'había un señor que
dicía, que lle dicí'â mullèr: "Buèno, xa ganei once onzas". È dicíall'a mullèr:
25 "Si, pr'ò teu corpo, i-à alma, Francisquiño?" È dicí<alle>: "A alma que
coma centellas è que vista raios". È despois o día do entíèrro, que lle
tuvèron qu'encher a caixa de còios, porqu'o mórto desaparecera, do, do sitio.
È, è co-esas cousas eu sèmpre tuven moito medo... (¿) S'había (?) ruídos,
ruído-raros è todo eso sèmpre dicían que èr'â outra xènte que viña do outro
30 mundo.

Bibliografía

► *Lecturas obrigatorias*

Fernández Rei, Francisco (2003): “Dialectoloxía”, *Gran Enciclopedia Galega*, tomo 13, 243-50.

► *Manuais e materiais de consulta*

Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Fernández Rei, Francisco / Hermida Gulías, Carme (2003²): *A nosa fala: bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

► *Recursos en rede*

<http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg/loia/>

<http://ilg.usc.es/ago/>

4. Variación e estándar

4.1. Norma obxectiva (inherente) / Norma prescritiva. A prescrición e a norma lingüística.

4.2. Variedade padrón, variedade común e variedades vernáculas.

4.3. Norma subxectiva e ideal de lingua. O galego estándar.

4.4. O proceso de normativización do galego. Síntese histórica, principais correntes e discusións.

ACTIVIDADES

Texto 1

Seminario de Estudos Galegos (1933): Algunhas normas pra a unificación do idioma galego. Santiago: Nós, publicazóns galegas e imprenta.

ALGUNHAS NORMAS PRA A UNIFICAZÓN DO IDIOMA GALEGO

5 É aneiro constante da maoría dos escritores galegos o coñecemento dunhas normas siquera ortográficas que desboten ou ao menos diminuen a anarquía que hoxe hai no escribir o noso idioma. O «Seminario de Estudos Galegos»
10 dende os primeiros días da súa eixistencia agarimou esta idea e teimou varias veces levala a efecto sen resultados polo de agora positivos (1). Por coidar que cicáis sexa mais factible este intuio pondo cada un da nosa parte o que poidamos é polo que a Seizón de Filoloxía quer presentar á considerazón do «Seminario» pra uso particular dél e sen rigurosas pretensións centíficas estas breves normas baseadas todas elas na orientazón que imos a espor.

15 A lingua galega foi orixinariamente a mesma que usou o reino portugués no seu berce, e con el a pesares da separazón política marchou xunto na fala o pobo galego ata fins do séc. XIV. Cando có Renacemento a nazonalidade portuguesa terminou de facerse, a irmán galega en troques sufréu a perda da súa concencia nazonal i este aletargamento durou catro séculos ata comenzos do XIX. Namentras a lingua portuguesa chegaba a ser unha das principás do mundo pola súa extensión e pola súa belida literatura, a galega perdéu a vida no mundo da cultura sendo esto unha das máis fortes causas da inferioridade espiritual da nosa Terra durante esas nefastas centurias.
20 Mais é unha das ventaxas dos pobos celtas e polo tanto do noso a súa forteza contra as invasión e os agrilloamentos doutras culturas, cicáis pola súa posición xeográfica de «finis terræ», que fai difícil o domeño e a persistenza da invasión extrana, cicáis pola superioridade numérica da poboazón rural
25 con respecto á das vilas ou millor polo propio valor de resistencia dos habitantes destes sofridos pobos. O caso é que a Galiza a pesares da «capitis

diminutio» que dende o séc. XV ven sofrendo, mantivo e mantén ditosamente ergueito o seu idioma falado pola inmensa maoría dos seus fillos cun senso antergo e primitivo en moitas formas e xiros que
30 esquenceron os mesmos portugueses influídos na súa vida cultural dos séc. XV, XVI e de gran parte do XVII polos países de fala castelán e cunha peculiaridade de desenrolo noutras moitas formas e xiros que impiden toda
posibilidade de adaptar lisa e totalmente a nosa lingua ás normas que rixen a bela fala de Portugal.

35 Co-esto está dito o espírito que debe domeñar a nosa orientazón: «O de achegamento ao portugués nos valdeiros que hai que encher no noso idioma». Felizmente este foi o método que siguéu o «Seminario» dende un principio, así no desbotar os apóstrofos, no suprimir moitas sinalefas, etc., e non cremos polo tanto innovazón senón proseguimento lóxico as normas
40 que presentamos cando dín algo que non se compre agora. Mais somentes debemos achegarnos nos valdeiros que hai que encher na nosa fala, pois agás da nosa principal obriga de deixar que o galego siga ceibamente polos sulcos que él vaise marcando non podemos crer que o portugués sexa unha lingua perfecta aínda coa relativa perfeizón a que se pode aspirar nas cousas
45 do linguaxe, e por esto cando unha construción castelán que viña suplir unha falla no galego tomou patria no noso idioma, se aquela é superior técnicamente á portuguesa co-ela debemos ficar.

As normas, que deben abranguer total-as cuestións ortográficas non resoltas, só deben coller as fonéticas e morfológicas atinxidas por aquelas e
50 as demáis necesarias pra a conservazón e o desenrolo do xenio da nosa fala. Co esto non dicimos que fiquen resoltas as principás dúbidas e sí só as que atoparon unha soluzón aceptada unánime polos membros da Seizón. Mais non nos magoa esta falla, por ser a nosa idea proceder sen presas e con siso. Hoxe é tempo de adolescencia da nosa cultura e polo tanto da nosa
55 lingua; así que non trabemos o desenrolo dela desbotando as ricas formas dialectás, ou sometendo a régoas inflexibles a evoluzón das verbas dende o latín, ou asiñando taxativamente os cultismos. A cultura galega por tanto tempo descurada quer ar puro e amor agarimoso de nai polo de agora. Xa lle virá o día de asometerse ás prescizóns, moitas veces nimias dos doutores.

60 (1).□ Na Asambreira xeral en Pontevedra, de Abril de 1928, o señor Couceiro Freixomil presentou unhas bases pra a súa unificazón, que dempóis emprentou cun apéndice do Prof. Moralejo, da Universidade de Santiago. Os asisados estudos destes autores, son dinos da maor loubanza, e moito nos serviron na nosa laboura.

65 (Estas normas, despois de escoitados os pareceres dos membros da Seizón de Filoloxía, foron presentadas polo Director dela ao «Seminario de Estudos Galegos», que acordou a súa publicazón na xuntanza xeral do 15 de Outubro de 1933).

Texto 2

Introdución

A elaboración das presentes Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego fíxose atendendo aos seguintes principios:

5 1. A lingua normativa ten que estar ao servizo da cultura dun pobo real e
concreto, e por tanto ha de ser necesariamente continuadora da lingua falada
pola comunidade e ha de achegarse canto sexa posible a ela, a fin de
10 enraizar sobre bases seguras e vivas. Agora ben, para que estas bases sexan
efectivamente sólidas, a norma debe acoller un galego fiel a si mesmo e
limpo de canto de alleo innecesario hai incrustado na fala viva pola presión
do castelán. É dicir, a lingua común debe ser o máis galega posible,
establecida sen sometementos nin dependencias, con atención escrupulosa á
estrutura e características lingüísticas do galego.

15 2. O galego normativo ten que ser o vehículo expresivo común e válido para
todo o pobo galego, voz apta e dispoñible para as súas manifestacións tanto
escritas coma orais, tanto artísticas coma utilitarias. Consecuentemente, o
galego común non pode basearse nun único dialecto, senón que debe prestar
atención preferentemente á extensión xeográfica e demográfica das formas
para seleccionar as normativas. Ha de ser, pois, supradialectal e lograr que o
20 maior número posible de falantes galegos se identifiquen coas solucións
acordadas.

25 3. O galego común debe seguir as boas tradicións da antiga lingua galega
que sexan compatibles coa maneira de ser moderna da lingua, de xeito que
as formas tradicionais sexan preferidas ás máis innovadoras e
evolucionadas. Debe recoñecer tamén a súa propia literatura e cultura máis
recentes, emparentando así con todos os escritores anteriores e aceptando
solucións xa consagradas polo uso.

30 4. As escollas normativas deben ser harmónicas coas das outras linguas,
especialmente coas romances en xeral e coa portuguesa en particular,
evitando que o galego adopte solucións insolidarias e unilaterais naqueles
aspectos comúns a todas elas. Para o arriquecemento do léxico culto,
nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, o portugués será
considerado recurso fundamental, sempre que esta adopción non for
35 contraria ás características estruturais do galego. As escollas deben decidirse
de acordo cun criterio de coherencia interna, a fin de que o galego común
non resulte arbitrario e incongruente.

Unha lingua común asentada na fala, mais depurada de castelanismos,
supradialectal, enraizada na tradición, coherente e harmónica coas demais
linguas de cultura, esixe:

40 1. Excluir o diferencialismo radical porque, aínda querendo ser unha postura
de defensa fronte ao castelán, manifesta de feito unha posición dependente e
dominada con respecto a esta lingua. Han de excluírse, con maior razón,
solucións diferencialistas que só sexan falsas analoxías e vulgarismos.

2. Excluir tamén a evasión cara á lingua medieval: formas definitivamente
mortas e arcaicas non deben suplantar outras vivas e galegas.

45 3. Valorar a contribución do portugués peninsular e brasileiro, mais excluir
solucións que, aínda sendo apropiadas para esa lingua, sexan contrarias á

estrutura lingüística do galego. O punto de partida e de chegada en calquera escolla normativa ha de ser sempre o galego.

* * *

Texto 3

Análise e clasificación dos trazos que se afastan da norma no seguinte texto prenormativo.

O xefe dos carabineiros sospeitaba un alixo, o sarxento da Guardia Civil un crime, o casino non sospeitaba rén, o abade, o home leído, furábase os miolos lembrando cousas dos Santos Padres, lëndas dos nobiliarios, páxinas do P. Feixóo. Quén o sabe! ¿E con qué rito será bautizada? Pois D.
5 Lionardo, fillo de boa caste, se non pode casar c'un ser cuáseque diabóleco. E por un día enteiro, unha febre de misterio i-unha quentura anterga, fixeron subir o termómetro moral da vila, i-un intrés angustioso cinguía a habitación da solaina na pousada da Delfina. Todosl-os hóspedes soñaron ou pensaron nos seus leitos iren n-un barco negro e sin guía, levados por un vento
10 invisible car'un archipiélago de illas que, coma testas de monstros, xurdían das augas tempestosas, ou car'un Maelstrom, circular abismo estrondoso de salaios de morte e naufraxio. Todos, máis ou menos, tiñan algo do mar, por máis que no seu vilego vivir o desprezaran, i-ahora, ca presenza da sirena, racháballes o sono un cantar de fillas da onda salgada, fermosas e crudeses.
15 Cantiga doce d'ouvir sin se ir decatando que chamaba ô viaxe que non ten volta sinon no tráxico tumbar das olas, cospindo na praia espantallos de cadavres d'afogados... Nas señoras vellas xurdían anacos esquencidos d'historias ouvidas ás suas aboas e ôs capitás do largo do tempo do escorbuto, das calmas chichas e dos pulpos que pechaban os estreitos e agarraban ás naos. O notario, un pouco poeta, premiado nos seus anos
20 mozos, sentía no pesadelo un decorrer de barcarola; os cregos pregaban que a man de Deus, rachando as nubens aquietara as augas. Do pobo –da Delfina, das criadas, dos mariñeiros, dos patrós, dos carabineiros, dos labregos...- n'hai que falar. Todo il sabía con gozo, misturado de medo,
25 cómo a sirena estaba alí, n-un coarto da pousada, collida nas redes do amor, ela que fuxía das máis fortes redes mariñeiras, abrazada cos brazos d'escuma, cinguindo o corpo tentador, envolvendo en cabelos fresqueiros e recendentes, ollando ca luz das profundidás mariñas i-azoutanto apaixonada ca cauda de prata, sensoal e xogantina, á un home que era dono de namorala
30 e tirala dos seus palacios de coral e xoias nas cavernas do fondo. O pobo sentía a maravilla i-a sadisfaición de ver comprida realidade unha crencia súa. E todo o pobo, griseiro, indifrente e servo, pasaba unhas maravillosas horas mitolóxicas, das que soilo se esprimentan algunha vez en moitos séculos, como si o mundo volvera á ser novo e falara o mar, as pedras i-as
35 aves. Había outras estrelas no ceo i-o mar saloucaba nos praias a door de verse privado –il, gran vello sinxelo e terrible- da sua raíña armoñosa e belida. “ A sireniña non canta, decían baixiño as mulleres nas portas, “porque ten os beizos atafegados en bicar”.

40 Mais, chegando a luzada do día, chegou co ela o sentido común, o tío serio
i-enloitado que curta os ensoños azados dos nenos, o enxoiito dono da
espranza vulgar, o profesor de texto oficial, o tío Paco das rebaixas, o libro
de contas da emoción. E tamén esbirrou solenemente a cultura xeneral,
facendo seu razoamento: a sirena non está nos libros de Odón de Buen,
45 *ergo*, a sirena non está clasificada porque non-a hai. Cada un volveu ô seu
oficio, e á pagar o seu trabuco ô goberno da costume: Soilo as masas
mariñeiras tiñan ollos de noite e de mistereo. A Delfina xa cavilaba a
maneira de cobrar a entrada ôs que quixeran ver a húmida contralto da mar.
De paso farían gasto, pois, ca novidade, afróxanse os bolsos, e podería
50 despachar moitas botellas de dubidosas pócimas.
Conforme descía a mañán, houbo gran movemento nas outas esferas; o
alcalde curado d’espanto pol-o telegrafista, que non lle quixera cursar un
parte, comunicando a nova ô Goberno civil, axuntou âs forzas vivas. O
crego, os médicos, o boticario, o mestre, diron seus informes verbás un
pouco confusos, e o do boticario, home sospeitoso de nigromancia,
55 deixando marxe á total-as interpretacións. Resultado da reunión foi o
avanzamento do sarxento da Guardia civil, do de Carabineiros e do xefe dos
villeus, en grande uniforme e andadura marcial pr’a pousada da Delfina: a
sirena non se suxeita âs leis nin siquer â xurisdición do comandante da
Marina. É, en certo modo, cousa dos homes da mar e ten dreito á
60 s’enamorarre cando queira. Mail-os tres, co oficio do alcalde i-a autorización
do xuez, domeando a resistencia da Delfina, entraron na pousada e petaron,
un pouco páledos, na porta de D. Lionardo.

Ramón Otero Pedrayo, 1932

Bibliografía

► *Lecturas obrigatorias:*

Fernández Rei, F. (2000): “Existe ou non unha lingua galega moderna?” en *Trabe de Ouro*, 42, 205-213.

► *Manuais de referencia*

Monteagudo, Henrique / Bouzada, Xan M. (eds.) (2003): *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume III. Elaboración e difusión da lingua*. Santiago: Consello da Cultura Galega. Véxase especialmente: Henrique Monteagudo: “A demanda da norma. Avances, problemas e perspectivas no proceso de estandarización do idioma galego”, 37-129.

► *Lecturas complementarias:*

Bartsch, R. (2003): “Estandarización e cultivo das linguas: Posibilidades, límites e xustificación”, *Grial* 160, 30-41.

- Bagno, Marcos (2003): *A norma oculta. Lingua & poder na sociedade brasileira*. São Paulo: Parábola.
- Hermida, C. (1992): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento(1840-1891)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia
- Monteagudo, Henrique (2005): “La estandarización del gallego. Problemas y avances”, en Sinner, C. (Hg.), *Norm und Normkonflikte in der Romania*. München: Peniope, 112-30.
- Monteagudo, Henrique (2005): “Do uso á norma, da norma ao uso (Variación sociolingüística e estandarización no idioma galego”, en R. Álvarez / Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación*. Santiago: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 377-436.
- Monteagudo, Henrique (1994): “Aspectos da teoría da lingua estándar do Círculo Lingüístico de Praga e os seus continuadores”, *Grial* 122, 141-55.
- Regueira, Xosé Luís (1999): “Estándar oral e variación social da lingua galega”, en Álvarez, Rosario & Vilavedra, Dolores (eds.), *Cinguidos por unha arela común*, 2 vols., Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, vol. I, 855-875.
- Regueira, Xosé Luís (2002): “A sílaba en galego: lingua, estándar e ideoloxía”, en Lorenzo, Ramón (coord.), *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*, Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 235-254.

5. Introducción á sociolingüística da lingua galega

5.1. Sociolingüística e socioloxía da lingua.

5.2. Nocións básicas: bilingüismo e contacto de linguas, comunidade lingüística / comunidade discursiva / espazo de comunicación, competencia lingüística, dominios de uso, diglosia, asimilación e substitución lingüística. Conflito lingüístico e normalización.

5.3. Da micro- á macrosociolingüística: análise do acto de comunicación.

5.4. Descrición e evolución recente da situación sociolingüística de Galicia. Principais fontes de datos sociolingüísticos. Variables máis importantes: hábitat, clase social, nivel de educación, idade.

5.5. Actitudes e ideoloxías lingüísticas. Lingua e identidade(s). Ideoloxías e discursos sobre a lingua.

5.6. Estatuto político e marco legal da lingua galega. O galego no ensino, modelos educativos en situación de bilingüismo social.

ACTIVIDADES

- Debate sobre algunha cuestión de actualidade sociolingüística.

Bibliografía

► *Lectura obrigatoria*

Lorenzo, Anxo (2008): “A situación sociolingüística do galego: unha lectura”, *Grial* 179, 19-31.

► *Lecturas complementarias*

Casares Berg, Håkan et alii (2003): “Actitudes lingüísticas en Galicia”, *Grial* 160, 52-59.

Monteagudo, Henrique (2000): “Sociolingüística galega”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 36 (Apéndice 2000), 61-73.

Monteagudo, Henrique (2002): “A lingua galega na sociedade: descrición da situación actual e perspectivas de futuro”, en VVAA., *A normalización lingüística a debate*. Vigo: Xerais, 7-46.

Monteagudo, Henrique (2007): “Introdución” a R. Piñeiro, (2007): *A linguaxe e as linguas*. Vigo: Editorial Galaxia, 9-46.

Moreno Cabrera, J. C. (2000): “Lengua y dialecto” en *La dignidad e igualdade de las linguas. Crítica de la discriminación lingüística*. Madrid: Alianza Editorial. 47-75. e “Cien mitos, prejuicios y tópicos sobre las linguas” en *Idem*, 237-265.

Piñeiro, Ramón (2007): *A linguaxe e as linguas*. Vigo: Editorial Galaxia, 57-96.

Silva Valdivia, Bieito (2008): “Lingua e escola en Galicia. Balance e propostas de futuro”, *Grial* 179, 48-59.

Subiela, Xaime (2008): “As razóns da lingua galega”, *Grial* 179, 32-47.

Subiela, Xaime: “Política lingüística en Galicia”, en *A normalización lingüística a debate*. Vigo: Xerais, 131-71

► *Manuais e obras de consulta*

Hudson, R. A. (2000): *La sociolingüística*. Barcelona: Anagrama.

Lorenzo, Anxo / Monteagudo, Henrique (coords) (2005): *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*. Santiago: Consello da Cultura Galega.

► *Recursos en rede*

<http://www.consellodacultura.org/arquivos/cdsg/loia/>

6. Metodoloxía

6.1. A actividade presencial

Esta materia consta de 6 créditos ECTS que se distribúen en 24 horas de clases expositivas e 24 horas de clases interactivas, ademais de 3 horas de titorías personalizadas.

Temos, pois:

- Sesións expositivas onde a profesora presentará o contido do programa, incidindo naqueles conceptos fundamentais da materia.
- Sesións de seminario, en grupos máis reducidos de alumnos, onde se proporán diversas actividades consistentes en lectura de textos, realización de traballos (gravacións orais), análise de diferentes textos de distintas etapas da lingua galega (medievais, medios, prenormativos), así como de textos orais, de diferentes rexistros (coloquiais, elaborados). Tamén se debaterán na clase as lecturas obrigatorias que se indican en cada tema.
- Titorías personalizadas, cuxo horario fixaremos cos alumnos, nas que faremos un seguimento dos coñecementos adquiridos nas sesións teóricas e prácticas, no desenvolvemento dos traballos encomendados e, en fin, de calquera dúbida que sobre o traballo de aprendizaxe da materia poida presentar o alumnado ou outras actividades que se consideren oportunas.
- Ademais, os profesores teñen fixado un horario de titorías de 6 horas semanais onde atenderán calquera incidencia, problema ou dúbida relacionadas coa materia.

6.2. A actividade non presencial dirixida

Nestas horas o alumno deberá realizar todos os traballos que se lle encomenden. As actividades propostas non só serven para comprender e consolidar as explicacións teóricas senón que tamén son coherentes coas ferramentas que pretendemos afianzar nesta materia, ademais de potenciar a súa capacidade de síntese.

6.3. O material de traballo

A profesora entregará a cada alumno o material necesario para seguir as explicacións teóricas e para a realización dos exercicios correspondentes, xunto aos contidos nesta guía docente.

7. Distribución da carga de traballo. Calendario

7.1. Tempo de estudo

	Actividades presenciais	Actividades non presenciais	
Sesións expositivas	28 horas	Estudo e preparación de actividades programadas na aula	30
Sesións de seminario	28	Traballos	25
Sesións de titoría	1	Lecturas	25
Sesións de avaliación	3	Preparación de exames	10
Total	60	Total	90

7.2. Calendario

MES	Día	Actividade programada
Febreiro	2	Presentación do programa, da bibliografía e actividades a desenvolver durante o curso. Proposta do traballo. Entrega dos textos para os comentarios
	3	Tema 1
	9	Prácticas
	10	Tema 1
	16	Prácticas
	17	Tema 2
	23	Prácticas
	24	Tema 2
marzo	1	Prácticas
	2	Tema 2
	8	Prácticas
	9	Tema 3
	15	Prácticas
	16	Tema 3
	22	Prácticas
	23	Tema 3
	29	Prácticas

	30	Exame
abril	12	Corrección e comentario exames prácticos
	13	Comentarios exames teóricos
	19	Prácticas
	20	Tema 4
	26	Prácticas
maio	3	Prácticas
	4	Tema 4
	10	Prácticas
	11	Tema 5
	18	Tema 5
	24	Prácticas
	25	Exame

Exames finais: 4 de xuño ás 9h nas aulas 10 e 11; 6 de xullo ás 16h nas aulas 10 e 11.

8. Criterios de avaliación

Haberá dous sistemas de avaliación:

1. Avaliación continua. Para poder optar por este sistema o alumno non poderá ter máis do 20% de ausencias das aulas.
 - Terase en conta a asistencia, a participación activa nas aulas (10%) e a correcta e puntual realización dos traballos encomendados (20%).
 - Exames: faranse probas escritas tanto na parte teórica coma na práctica. O conxunto destas probas contarán o 70% (35% a parte teórica e 35% a parte práctica)

A realización satisfactoria da avaliación continua poderá eximir do exame final os estudantes, que coñecerán previamente o resultado numérico da súa avaliación. Tamén terán a posibilidade de presentarse a el en caso de quererem mellorar a cualificación recibida.

2. Exame final (35% a parte teórica + 35% a parte práctica) .

Na convocatoria oficial de maio poderán optar por calquera dos dous sistemas, e na de xullo só será posible o 2º.

Táboa de contidos

Lingua Galega 2.....	1
1. Datos descritivos da materia.....	3
1.1. Lingua na que será impartida.....	3
1.2. Requisitos.....	3
2. Sentido da materia no perfil da titulación.....	4
2.1. Bloque formativo no que se encadra a materia.....	4
2.2. Papel da materia no plan de estudos.....	4
2.3. Interese deste curso para a túa formación.....	5
3. Obxectivos.....	6
4. Competencias.....	6
5. Contidos da materia.....	7
5.1. Descritor.....	7
5.2. Contidos.....	7
5.3. Bibliografía xeral e complementaria.....	7
5.4. Desenvolvemento dos temas	8
1. Concepto e tipos de variación lingüística. A variación lingüística na lingua galega: variacións históricas, xeográficas e sociais	9
2. Introducción á historia da lingua e á gramática histórica galega.....	15
3. Introducción á dialectoloxía da lingua galega.....	26
4. Variación e estándar.....	28
5. Introducción á sociolingüística da lingua galega.....	34
6. Metodoloxía.....	36
6.1. A actividade presencial.....	36
6.2. A actividade non presencial dirixida.....	36
6.3. O material de traballo.....	36
7. Distribución da carga de traballo. Calendario.....	37
7.1. Tempo de estudo.....	37
7.2. Calendario.....	37
8. Criterios de avaliación.....	38